

Unidade 8 - Repaso

Opinar



Demostrar Manifestar, declarar.

Afirmar Asegurar ou dar por certo algo.

Trama Argumento.

Contexto Contorno que dá o sentido a unha palabra ou frase.

Relacionado entre si Asuntos que manteñen unha relación.

Punto de vista Cada un dos modos de considerar un asunto.

Perspectiva Punto de vista desde o que se considera ou se analiza algo.

Expoñer Dar a coñecer algo.

Soporte Apoio ou base.

Fundamentar Establecer a razón dunha cousa.

Diálogo dunha novela

RESUMO

Edua é unha rapaza que vive no Cebreiro, nun dos núcleos da ruta de peregrinación do Camiño de Santiago. Un día vai levar unha ducia de ovos a unha hospedaría de peregrinos próxima e coñece a catro. Comezan a falar e comentar cousas acerca do tempo que vai e do camiño.

Ao día seguinte quedan para que Edua lles faga de guía aos peregrinos e, así, poidan coñecer un pouco máis do Cebreiro.

PALABRAS DIFÍCILES

durmida, choer



Unha mesa redonda

Unha **mesa redonda** é un **debate** entre varias persoas en que se expresan **opinións**. Para participar nunha mesa redonda cómpre seguir estes pasos:

1. Expressa a túa opinión utilizando expresións como *creo que, opino que...*
2. Se alguén expresou a súa opinión, di se estás de acordo ou non con expresións como *estou de acordo/non estou de acordo; páreceme ben/non me parece ben; opino o mesmo...*
3. Argumenta a túa opinión utilizando: datos sobre o tema, exemplos da vida real e razóns ben explicadas.
4. Escoita, respecta a túa quenda e argumenta ben a túa opinión.

O seseo e a gheada

O **seseo** pode darse cando unha palabra se escribe:

- con z (con calquera vogal): *sapatillas, rasón...*
- con c (con e, i): *asendido, sine...*
- con z ao final de palabra: *fos...*

O **seseo** dáse máis nas zonas da costa ca nas zonas do interior de Galicia.

A **gheada** pode darse:

- cando o *g* vai con vogal: *ghustar*
- cando a letra *g* forma parte dun grupo consonántico: *regheiro, ghratis, inghlés...*

A **gheada** dáse sobre todo na Coruña e Pontevedra.

Tanto o seseo como a gheada son válidos na fala, pero na escrita as palabras deben ir sen seseo nin gheada.

O recurso literario da repetición

Hai diferentes tipos de **repetición**:

1. Ao **inicio** de varios versos ou frases.
*Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...*
2. **Varias veces** nun verso ou frase.
Eu chorei, chorei, o domingo á tarde...
3. Ao **inicio e final** dun verso, frase ou estrofa.
Durme, meu meniño, durme.
4. **A palabra con que empeza** un verso **é a mesma ca a última do verso anterior**.
*A noite era **escura, escura** e fría.*



Sentido literal e sentido figurado

As palabras e expresións que empregamos ao falar poden ter un **sentido literal** ou **figurado**.

- **Sentido literal:** é o sentido propio das palabras ou expresións.
A cheminea bota fume.
- **Sentido figurado:** é un significado dunha palabra ou expresión diferente ao habitual. Pode variar en función da situación en que se empregue.
Xoán bota fume.

En Galicia empregamos moito a **retranca**. Esta consiste en falar cun sentido figurado, con **segundas intencións**, en especial cando se procura facer unha graza intencionada no que se di ou dicir o contrario.

Os elementos do predicado

O predicado é a parte da oración que di algo do suxeito. O núcleo do predicado sempre é un verbo, que concorda en xénero e número co suxeito.

Distínguense dous tipos de predicado: **predicado nominal** e **predicado verbal**.

Para saber que tipo de predicado é:

1. Busca o **núcleo** ou **grupo verbal (GV)**. É un verbo.
 2. Observa se o verbo é copulativo(*ser, estar, parecer*).
- Se o predicado leva un **verbo copulativo** é **predicado nominal**.
 - Se o predicado leva un **verbo distinto a ser, estar ou parecer**, é **predicado verbal**.

Facer un esquema

- **Partes dun esquema:**

- **Título ou información principal:** dá a entender cal é o tema que se vai tratar. Destácase sobre o resto.

- **Información secundaria:** información relacionada co título ou tema. Destácase menos.

- **Para facer un esquema:**

- Busca un título.
- Identifica a información principal e a secundaria.
- Debuxa o esquema e distribúe a información no seu lugar segundo a importancia.
- Lembra utilizar cores, escribir de maneira clara e redactar cunha linguaxe correcta.